

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 15

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 31 de XULLO de 2019, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (Sesión constitutiva do 15.06.2019).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Dar conta do Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2019. Expte. 102721/140 (Rexistro Pleno 2051/1101)
- 3.-** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 2º trimestre do 2019, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 120/143 (Rexistro Pleno 2071/1101)
- 4.-** Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2018. Expte. 108/143 (Rexistro Pleno 2075/1101)
- 5.-** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 2º trimestre do ano 2019. Expte. 21917/541 (Rexistro Pleno 2076/1101)

Mocións:

- 6.-** Moción do grupo municipal Mixto, instando á Xunta de Galicia a solventar as graves eivas dotacionais e de recursos dos centros educativos públicos de Vigo. Rexistro Pleno 2108/1101.
- 7.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Ministerio de Transición Ecolóxica e á Rede Eléctrica de España para que cumpran coa planificación vixente 2015-2020, ao obxecto de iniciar a construción dunha subestación para atender á demanda industrial de

Balaídos e conectar a Vigo á rede de transporte de 220 kilovoltios. Rexistro Pleno 2098/1101.

- 8.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a consignar nos seus Orzamentos a mesma cantidade por habitante que se asigna a Santiago de Compostela, de xeito que se contribúa a paliar a débeda histórica que a Xunta de Galicia mantén coa cidade de Vigo. Rexistro Pleno 2109/1101.
- 9.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia á integración orgánica de CEDRO no Servizo Galego de Saúde, e mentres non se produza a integración orgánica, a asumir o custo total deste servizo asistencial. Rexistro Pleno 2110/1101.
- 10.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a cumprir o mandato legal de financiar integramente as competencias exclusivas que ostenta en materia de xestión dos Centros de Día de Teis, Valadares e Coia e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2111/1101.
- 11.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a creación de chan industrial e comercial, así como o establecemento dunha liña de axudas ás empresas innovadoras, sustentables, ecosostibles, de economía social e para a formación de traballadores especializados. Rexistro Pleno 2112/1101.
- 12.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a adoptar un Plan de choque para reducir as listas de espera dos pacientes que agardan unha intervención cirúrxica nos hospitais de Vigo e á dimisión do Conselleiro de Sanidade como máximo responsable político desta situación. Rexistro Pleno 2113/1101.

PARTE DE CONTROL

- 13.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía (Maio). Expte. 579/1102 (Rexistro Pleno 2026/1101)
- 14.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as (Maio). Expte. 580/1102 (Rexistro Pleno 2027/1101).
- 15.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía (Xuño). Expte. 624/1102 (Rexistro Pleno 2099/1101)
- 16.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as (Xuño). Expte. 625/1102 (Rexistro Pleno 2100/1101).
- 17.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía (Xullo). Expte. 626/1102 (Rexistro Pleno 2101/1101)

- 18.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as (Xullo). Expte. 628/1102 (Rexistro Pleno 2102/1101).
- 19.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 3.07.19, dos membros corporativos que exercen a súa función en réxime de dedicación exclusiva e parcial. Expte. 1641/110 (Rexistro Pleno 2081/1101).
- 20.-** Dar conta dos escritos dos/as concelleiros/as de aceptación de dedicación exclusiva. Expte. 1641/110 (Rexistro Pleno 2082/1101).
- 21.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 4.07.19, sobre nomeamento dos membros das Comisións Informativas. Expte. 1637/110 (Rexistro Pleno 2083/1101).
- 22.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 12.07.19, referente ao nomeamento de presidentes e vicepresidentes das Comisións Informativas. Expte. 1637/110 (Rexistro Pleno 2084/1101)
- 23.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 12.07.19, de designación de membros corporativos nas comisións paritarias de seguimento do convenio e formación. Expte. 1639/110 (Rexistro Pleno 2085/1101).
- 24.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 12.07.19, sobre o nomeamento de membros no órgano reitor do Padroado do Museo Municipal de Quiñones de León. Expte. 1640/110 (Rexistro Pleno 2086/1101).
- 25.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 17.07.19, pola que se acepta a renuncia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, ao réxime de dedicación exclusiva e ao desempeño das súas funcións nese mesmo réxime da concelleira D^a Nuria Rodríguez Rodríguez. Expte. 1642/110 (Rexistro Pleno 2095/1101).
- 26.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 11.07.19, referente á proposta de nomeamento de representantes da Corporación no Consorcio da Zona Franca de Vigo. Expte. 609/1102 (Rexistro Pleno 2103/1101)..
- 27.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 11.07.19, sobre a designación de representantes municipais en Padroados, Fundacións e en diversos órganos e entidades públicas. Expte. 611/1102 (Rexistro Pleno 2104/1101).
- 28.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 11.07.19, referente á proposta de modificación do acordo da XGL do 20-06-19, de delegación de competencias en concelleiros-delegados e demais delegados de área, materia de urbanismo. Expte. 601/1102 (Rexistro Pleno 2105/1101)

29.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 18.07.19, referente á proposta de nomeamento de representantes da Corporación no Consorcio Casco Vello de Vigo. Expte. 608/1102 (Rexistro Pleno 2106/1101).

Mocións.

30.- Moción do membro Non Adscrito, instando ao goberno municipal a iniciar o proceso de elaboración dun novo Regulamento Municipal de Participación Cidadá, reforma do Regulamento Orgánico do Pleno e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2114/1101.

31.- Formulación de rogos.

32.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día TRINTA E UN, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL ACCDTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Susana Gallardo Fariña.